

# Maio 2016




## Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa

Declarado de Utilidade Pública

### Manuel María Letras Galegas 2016

Nado en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929 e finado na Coruña o 8 de setembro de 2004, foi un poeta, narrador, dramaturgo e académico da lingua galega, destacado polo seu carácter combativo e mais polo seu compromiso político.

Entre os temas dos seus poemas destacan o amor, a arte, o propio compromiso político, a denuncia de eivas, a etnografía, a física, a historia, a inmaterialidade, a mitoloxía, o mundo animal, a palabra poética, o paso do tempo, a relixión, a sociedade, a lingua, os traballos agrarios, o urbanismo ou a xeografía.



**Xuventude de Galicia**  
**Centro Galego de Lisboa**  
Declarado de Utilidade Pública  
Rua Júlio de Andrade, nº 3  
1150-206 Lisboa  
Telf.: +351 21 885 36 80  
Fax: +351 21 885 03 93

Www.juventudedagaliza.com

Www.facebook.com/  
juventudedagaliza

#### Secretaría

Lun–Ven  
geral@juventudedagaliza.com

#### Restaurante Álvaro Cunheiro

Telf: +351 21 882 13 92

É para min una honra poder saudar á comunidade galega en todo Portugal, e tamén a tódolos veciños deste fermoso país irmán, para animalos a participaren nas actividades programadas pola Xuventude de Galicia - Centro Galego de Lisboa co gallo do Día das Letras Galegas, senlleira celebración que nos serve de plataforma para ensinar ao mundo as belezas e singularidades da nosa Literatura, das nosas Artes, da nosa Cultura en xeral. Especial fincapé quixera poñer ademais na posibilidade de achegarse, a través desas actividades, á obra do pintor galego Ramiro Cimadevila, na fermosa sede da propia entidade.

Galicia é moito máis que un país próximo no xeográfico, e no idiomático; é tamén moito máis que a orixe dunha das comunidades mellor integradas na vida lisboeta: Galicia é tamén punto final dun Camiño renovado día a día, e paso a paso, polos millóns de peregrinos que fan de Galicia unha das terras máis universais, e máis abertas a darse a coñecer.

Nesa universalidade segue todo o pobo galego -o que reside no propio territorio e o que reside fóra- fortemente implicado, e quero agradecer o esforzo e traballo que nese aspecto realizan e realizarán as e os galegos residentes en Portugal.

Espero, de corazón, que gocen deste programa de actividades.

**Antonio Rodríguez Miranda**  
Secretario Xeral da Emigración



#### Nesta edición:

Manuel María - Letras Galegas 2016	1
Mensaxe do Secretario Xeral de Emigración	1
Lisboa máis galega	1
Exposición Pintura	2
Presentación Libro Poesía	2
Conferencia	2
Cotas socios/as	2

#### 7 Maio

### A Lisboa máis galega

16:00h - Xuventude de Lisboa  
Centro Galego Lisboa

Itinerario guiado por algúns dos lugares máis emblemáticos da comunidade galega en Lisboa.

Saída desde a Xuventude de Galicia - Centro Galego de Lisboa. Será conducida polo lector do Centro de Estudos Galegos, Isaac Lourido, que contará con convidados para participar nas tarefas de información de cada espazo visitado.

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo  
geral@juventudedagaliza.com

**(DES)  
ENCON  
TROS  
GALEGO  
PORTU  
GUESES**

4 e 18 de marzo  
8 e 22 de abril  
7 e 20 de maio  
no Centro Galego de Lisboa



Centro de Estudos Galegos (FCSH/NOVA)  
facebook.com/CentroEstudiosGalegosLisboa/



13 Maio

## Exposición de pintura

*“Indo e vindo nun realismo aparente”*

do pintor Galego, da Estrada,  
*Ramiro Cimadevila*

18:30 h Recepción de convidados

19:00 h Inauguración da exposición polo Exmo Sr. Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia  
**D. Antonio Rodríguez Miranda**

De seguida, visita á exposición e como remate será servido un viño.

Aberta ao público ata o día 3 de Xuño



Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



**Ramiro Cimadevila**

*“Indo e vindo nun realismo aparente”*

Xuventude de Galicia - Centro Galego de Lisboa

Do 13 de maio ao 3 de xuño

14 Maio

## Presentación de libro de poesía

16:00h - Biblioteca Manuel Boulosa

Presentación do libro de poesía


Dois corpos nus, despíndose  
Dous corpos nus espíndose

De *Casimiro de Brito* e da escritora galega *Pura Salceda*

*poética edições*



Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



20 Maio

## Conferencia


19:00h—Biblioteca Manuel Boulosa

*“Voltar a Portugal, dourada luz que ilumina”*

Pola escritora galega *Mercedes Queixas Zas*, secretaria da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega, sobre as intensas relacións de Manuel María con Portugal e a súa cultura.



Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



## Cota socio/a

Si non podes achegarte a Secretaría no seu horario de funcionamento, de luns a venres o si non che cadra pasar durante a semana polo Centro, sempre que queiras poderás actualizar as túas cotas por transferencia bancaria.

Sempre que o fagas, agradecemos que discrimines na transferencia o teu nº de socio e/ou o nome e nos mandes o comprobatorio (por exemplo por correo electrónico).

Para a nosa Casa, as cotas dos socios son de unha grande axuda para o día a día

**Juventude da Galiza—Centro Galego de Lisboa**

**IBAN: PT50 0018 0000 0090 0631 0018 9**

**Banco Santander Totta**

Informacións: Secretaría do Centro polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)

